

Bono de axuda a autónomos TR341 Q

Apoio a empresas afectadas pola COVID en Galicia

Este novo bono de axuda da Xunta destinado a autónomos ten por obxectivo mellorar a competitividade empresarial ou profesional dos traballadores autónomos a través do desenvolvemento do seu enfoque estratéxico e investimentos en bens tanxibles e intanxibles.

A quen se destina?

Persoas traballadoras autónomas e autónomos societarios con antigüidade de maneira ininterrompida de 42 meses con domicilio fiscal en Galicia

Cal é a contía da axuda?

Un 80% sobre o investimento con ata 3.000 € de axuda.

Que gastos son subvencionables?

- Desenvolvemento de plans de márketing, comunicación, crecemento, e demais cara a melloras a nivel produtivo.
- Investimento en maquinaria, mobiliario, reforma do local do negocio, equipamentos informáticos, rótulos, aplicacións informáticas e páxina web, entre outros gastos.

Prazo de presentación

Dende o 14 de xaneiro ata o 14 de febreiro.

Mais información

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211230/AnuncioG0599-291221-0003_es.html